




DEPUTACIÓN
DE LUGO



Excavaciones
hermanos París



OS LAPIS DA CULTURA

unha instalación para
QUIROGA de
FELIPE PIÑUELA

Los vientos del Caurel tienen ya excusa al adentrarse en la Rúa Real de Quiroga para aquietarse y remansarse contemplando las esquinas de los edificios del Albergue y la Casa de la Cultura pasados a espada por soberbios e inofensivos lápices; y una vez realizada la contemplación, esos vientos habrán de arrancar de las afiladas puntas de los lápices, los versos, cuentos y leyendas que en su interior custodian cual guardianes de la memoria, y en cuyos lomos dan razón de gentes de estas tierras que al servicio de las letras (gallegas y castellanas) forjaron su obra y plasmaron sentires y vivires que trascienden al lugar y al tiempo.

Es el lápiz el primer elemento que conecta al hombre con la cultura, primero en forma de borrón, luego el esbozo de una línea, quizás más tarde un dibujo; mucho saben de esto, las "máscumaestras" Dora y Pura Vázquez, cuyos poemas recitan los niños americanos en sus escuelas. Acaso no fue Guerra da Cal quien sirvió de valedor al universal Lorca para escribir sus seis poemas gallegos? También el nativo Moreiras dio luz a la prosa culta gallega: muestra de ello son sus traducciones de Paul Éluard y la correspondencia mantenida con el nobel Vicente Aleixandre. Un rasgo más de su inteligencia fue atraer el resplandor de Luz Pozo a estas tierras, mujer ésta, solar y enseña de la poesía gallega del Siglo XX. Y cómo olvidar a Ánxel Fole, cuya Luz del Candil permanece hoy encendida, y sigue invitándonos para, al calor de la lumbre, escuchar sus cuentos y leyendas.

Son lápices sí, pero también dardos envenenados de cultura, que desde su altura y esbeltez, disparan cuentos y versos que los vientos del Caurel habrán de llevar por la comarca.

Entretanto tú, caminante, no dudes al observar en la distancia el perfil de los lápices, pararte ante ellos, contemplar su trazado simétrico, y recordar que Quiroga, a la vez que se moderniza y adapta al futuro, difunde cultura y no se olvida de sus gentes.

Os ventos do Caurel teñen xa excusa ao adentrarse na Rúa Real de Quiroga para acougar e remansarse contemplando os recunchos dos edificios do Albergue e da Casa da Cultura atravesados a espada por soberbios e inofensivos lapis. E, unha vez feito o ollar, eses ventos terán que arrincar das afiladas puntas dos lapis versos, contos e lendas que no seu interior custodian como gardiáns da memoria, e sobre cuxas costas dan razón das xentes destas terras que ao servizo das letras (galegas e castelás) forxaron a súa obra e captaron sentires e vivires que transcenden ao lugar e ao tempo.

É o lapis o primeiro elemento que conecta o home coa cultura, primeiro en forma de borrón, logo o esbozo dunha liña, quizais despois un debuxo. Moito saben disto as "máscumaestras" Dora e Pura Vázquez, cuxos poemas recitan os nenos americanos nas súas escolas. Acaso non foi Guerra da Cal quen serviu de valedor ao universal Lorca para escribir os seus seis poemas galegos? O nativo Moreiras tamén deu luz á prosa culta galega; proba diso son as traducións de Paul Éluard e a súa correspondencia co nobre Vicente Aleixandre. Un trazo máis da súa intelixencia foi atraer o brillo de Luz Pozo a estas terras, muller esta, única e insignia da poesía galega do século XX. E non podemos esquecer a Ánxel Fole, cuxa Luz do Candil permanece hoxe acesa e segue convidándonos para, á calor do lume, escoitar os seus contos e lendas.

Son lapis, si, pero tamén son dardos envelenados de cultura que, dende a súa altura e esvelteza, disparan contos e versos que os ventos do Caurel deberán de espallar pola comarca.

Mentres tanto ti, camiñante, non dubides ao observar na distancia o perfil dos lapis, pararte diante deles, contemplar o seu trazado simétrico, e lembrar que Quiroga, á vez que se moderniza e adapta ao futuro, difunde cultura e non esquece as súas xentes.

Ángel J. Domínguez